

posto nos artigos 179.2 e 177 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexistlativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se apoba o T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 38 en relación co artigo 20.3 do R.D. 500/1990, de 20 de abril.

O resumo por capítulos do orzamento queda da seguinte forma:

### GASTOS

Gastos de persoal .....	4.883.499,81
Gastos bens correntes e servizos .....	4.600.742,70
Gastos financeiros.....	329.971,78
Transferencias correntes.....	1.407.740,36
Inversións reais.....	3.486.991,11
Transferencias de capital.....	199.159,54
Activos financeiros .....	72.401,10
Pasivos financeiros .....	804.922,00
<b>TOTAL .....</b>	<b>15.785.428,40</b>

### INGRESOS

Impostos directos .....	4.335.648,00
Impostos indirectos.....	520.202,00
Taxas e outros ingresos.....	3.178.364,03
Transferencias correntes.....	4.496.885,28
Ingresos patrimoniais .....	1.472.333,00
Transferencias de capital.....	1.563.282,64
Activos financeiros .....	709.365,20
Pasivos financeiros .....	366.683,43
<b>TOTAL .....</b>	<b>16.642.763,56</b>

Contra esta aprobación definitiva poderá interonerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdicción segundo o disposto nos artigos 23 e 38.3 do citado R.D.

O Porriño, a 17 de decembro de 2007.—O Alcalde, Raúl Francés Rodríguez. **2007012158**

\* \* \*

## PONTECESURES

### A N U N C I O

Formulada e rendida a Conta Xeral do exercicio orzamentario 2006, e informada pola Comisión de Contas, Patrimonio e Contratación, expónse ó público por espazo de quince días hábiles, contados a partires do seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen pertinentes, durante o prazo de exposición e os oito días seguintes, de conformidade co disposto nos ar-

tigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 212.3 do R.D. Lexistlativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Pontecesures, a 10 de decembro de 2007.—A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Isabel Castro Barreiro. **2007012061**

\* \* \*

## PONTE CALDELAS

### E D I C T O

Aprobada definitivamente a modificación das Ordenanzas Fiscais do Concello de Ponte Caldelas seguintes, unha vez que non se presentaron reclamacións durante o prazo de audiencia e información pública publicado no BOP nº 214 de 6 de novembro de 2007, de conformidade co establecido nos apartados 3 e 4 do artigo 17 do Real decreto lexistlativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publíquese o texto íntegro das Ordenanzas fiscais modificadas:

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

##### ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E RÉXIME

1. No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, o artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e de acordo co previsto no artigo 59.1 e artigo 15.2 do Real Decreto lexistlativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Ponte Caldelas establece o Imposto sobre Bens Inmobles.
2. Este imposto rexerá polo disposto nos artigos 60 a 77 do Real Decreto lexistlativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polas disposicións que o desenvolvan e polo disposto nesta Ordenanza.

##### ARTIGO 2º.—NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

1. O imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles sitos no termino municipal de Ponte Caldelas.
2. Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:
  - a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos aos que estean afectos.
  - b) Dun dereito real de superficie.
  - c) Dun dereito real de usufruto.
  - d) Do dereito de propiedade.
3. A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecido determinará a non suxeición do inmovble ás restantes modalidades nel previstas.
4. Aos efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e

de bens inmoables de características especiais os definidos como tales no Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

5. No caso de que un mesmo inmoable se atope localizado en distintos termos municipais se entenderá, para os efectos de este imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

#### ARTIGO 3º.—NON SUXEICIÓN

Non están suxeitos a este imposto:

- a) As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens do dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito.
- b) Os seguintes bens inmoables propiedade do Concello de Ponte Caldelas:
  - Os de dominio público afectos ao uso público.
  - Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello, agás cando se trate de inmoables cedidos a terceiros mediante contraprestación.
  - Os bens patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.

#### ARTIGO 4º.—EXENCIÓNS

1. Estarán exentos os seguintes inmoables:
  - a) Os inmoables que sexan propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e aos servizos educativos e penitenciarios, así como os do Estado afectos á defensa nacional.
  - b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.
  - c) Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre Asuntos Económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.
  - d) Os da Cruz Vermella Española.
  - e) Os inmoables aos que sexa de aplicación a exención en virtude de Convenios Internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular, ou aos seus organismos oficiais.
  - f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, cuxo principal aproveitamento sexa a madeira ou o corcho, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.
  - g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios enclavados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das devanditas liñas. Non están exentos, polo tanto, os establecementos de hostalería, espectáculos, comerciais e de esparcemento, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabriles.
2. Así mesmo, previa solicitude, estarán exentos:
  - a) Os bens inmoables que se destinen ao ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ao réxime de concerto educativo, en canto a superficie afectada á ensinanza concertada.
  - b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, me-

dante real decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e inscritos no rexistro xeral a que se refire o seu artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da devandita Lei.

Sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- En zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de planeamento urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
  - En sitios ou conxuntos históricos, os que contengan cunha antigüidade igual ou superior a 50 anos e estean incluídos no catálogo previsto no real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, de 25 de xuño.
- A superficie dos montes en que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel en que se realice a súa solicitude.
- c) Os bens dos que sexan titulares, nos termos previstos no artigo 5 desta Ordenanza, as Entidades sen fins lucrativos que cumpran as condicións e requisitos á que se refire o artigo 15 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo.
  3. As exencións de carácter rogado, deben ser solicitadas polo suxeito pasivo do imposto e comezarán a partir do exercicio seguinte á data da solicitude. Estas exencións non poden ter carácter retroactivo.

#### ARTIGO 5º.—SUJEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (herdanzas xacentes, comunidades de bens e outras entidades que, sen personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado), que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.
2. No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmoable de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon.
3. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

O Concello repercutirá a totalidade da cota líquida do imposto en quenes, non reunindo a condición de suxeitos pasivos do imposto, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais.

O substituído do contribuínte a que se refire o apartado anterior, poderá repercutir sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lle corresponda en proporción aos canons que deban satisfacer cada un deles.

#### ARTIGO 6º.—RESPONSABLES

1. Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible

ble deste imposto, os bens inmobles obxecto dos devanditos dereitos quedarán afectos ao pagamento da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos no artigo 48.1d) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Responden solidariamente da cota deste imposto, e en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

#### ARTIGO 7º.—BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, urbanos ou rústicos e de características especiais.
2. Eses valores se determinarán, notificarán e serán susceptibles de impugnación conforme ao disposto no Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

#### ARTIGO 8º.—BASE LIQUIDABLE

1. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible as reducións que legalmente estean establecidas.
2. A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda ao inmovible así como o importe da redución e da base liquidable do primeiro ano de vivencia do novo valor catastral.
3. O valor base será a base liquidable do exercicio inmediato anterior a entrada en vigor no novo valor catastral, salvo as circunstancias sinaladas no artigo 69 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
4. Nos procedementos de valoración colectiva a determinación da base liquidable será competencia da Dirección Xeral do Catastro e recorrible ante os Tribunais Económico-Administrativos do Estado.

#### ARTIGO 9º.—COTA TRIBUTARIA E TIPO DE GRAVAME

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame.
2. A cota líquida obterase minorando a cota íntegra no importe das bonificacións previstas no artigo seguinte.
3. Os tipos de gravame aplicables neste Concello serán os seguintes:
  - a) Bens inmobles de natureza urbana; 0,4%
  - b) Bens inmobles de natureza rústica: 0,3%
  - c) Bens inmobles de características especiais: 1,3%

#### ARTIGO 10º.—BONIFICACIÓN

1. Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do comezo das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá a partir do período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á súa termina-

ción, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

Esta bonificación deberá ser solicitada xunto coa solicitude de licenza municipal correspondente ou, no seu defecto, antes de que se produza o devengo do imposto do primeiro exercicio no que se tería dereito á bonificación.

As solicitudes deberán conter todos os datos identificativos dos inmobles afectados, presentando no caso de terreos en promoción/obras, certificación do técnico-director das obras acreditando a data de inicio das mesmas, copia do último recibo de pagamento do IBI e escritura/documento onde conste a adquisición do mesmo. Achegarase tamén copia do NIF do titular dos terreos, e, de ser empresario ou profesional, copia do documento de alta na actividade económica de construción ou promoción inmobiliaria no Imposto sobre Actividades Económicas.

2. Terán dereito a unha bonificación do 50 % na cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

A devandita bonificación concederase a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración daquela e surtirá efectos, no seu caso, a partir do período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

Coa solicitude achegarase copia do certificado de cualificación definitiva de vivenda de protección oficial, copia da escritura de compravenda do inmovible, copia do NIF do propietario, copia que acredite a presentación do modelo 901 de alteración de titularidade catastral, e facilitarase, en todo caso, a referencia catastral do inmovible.

3. Terán dereito a unha bonificación do 95 % da cota íntegra e, no seu caso, do recargo á que se refire o artigo 153 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.
4. As bonificacións dos apartados primeiro e segundo non serán compatibles con ningunha outra, salvo precepto legal que dispoña a compatibilidade.
5. As solicitudes deberán ir dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ponte Caldelas, deberán facer constar todos os datos identificativos do interesado (apelidos e nome, NIF, domicilio completo con código postal a efectos de notificacións, número de teléfono), e deberán facer constar, claramente, que se pretende a obtención da bonificación do IBI por algún dos supostos contemplados nos parágrafos deste artigo, especificando de cal dos supostos se trata.
6. Así mesmo, terán dereito a unha bonificación do 20% da cota íntegra do imposto a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa e estean empadroados neste Concello, cos límites e requisitos contidos nos apartados seguintes.

Esta bonificación só será aplicable ós inmobles urbanos que teñan asignado o uso residencial, e sempre que o suxeito pasivo non sexa titular, nin o seu cónxuxe ou persoa que

con el conviva, doutro ben inmovible urbano ou de características especiais, xa sexa directa ou indirectamente. No caso de que sexa titular, persoalmente ou por adición dos do seu cónxuxe ou quen con el conviva, de dous ou máis bens inmovibles urbanos, perderá o dereito á bonificación contida neste artigo.

Non se considerará que se produce o suposto anterior cando figure como titular doutros inmovibles que sexan, de feito, anexos do anterior (trasteiros, prazas de garaxe), sempre que o seu uso se atope correctamente declarado a efectos catastrais e non sexan susceptibles de aproveitamento económico.

Para poder disfrutar da bonificación presente, o suxeito pasivo deberá ter cumprido coas súas obrigas de comunicación de alteracións xurídicas, físicas ou económicas previstas na Lei.

A presente bonificación terá carácter rogado e a instancia de parte, polo que os interesados no seu disfrute deberán presentar solicitude en tal sentido, coa seguinte documentación:

- Fotocopia do documento acreditativo da titularidade do inmovible.
- Certificado de familia numerosa.
- Certificado do Padrón municipal.
- Declaración de cumprir os requisitos previstos neste artigo.

A duración da bonificación é de 2 anos. A renovación deberá ser solicitada no mes de xaneiro do terceiro ano dende a súa aplicación, concedéndose por un novo período igual, se a Ordenanza Fiscal deste imposto vixente nese intre non prevé outra cousa. En todo caso a bonificación extinguirase de oficio o ano inmediatamente seguinte a aquel no que o suxeito pasivo cese na súa condición de titular de familia numerosa ou deixe de concorrer algún dos requisitos.

A solicitude inicial da bonificación surtirá efectos no exercicio seguinte ó de ser realizada.

#### **ARTIGO 11º.—PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO**

1. O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.
2. O período impositivo coincide co ano natural.
3. Os feitos, actos e negocios que deben ser obxecto de declaración ou comunicación diante do Catastro Inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto inmediatamente posterior ao momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmovibles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

#### **ARTIGO 12º.—DECLARACIÓN E COMUNICACIÓNS CATASTRAIS**

1. As alteracións concernentes aos bens inmovibles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia para os efectos de este imposto determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formalizar as declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario, conforme ao establecido nas súas normas reguladoras.
2. Sen prexuízo da facultade da Dirección Xeral do Catastro de requirir ao interesado a documentación que en cada caso resulte pertinente, neste Concello, e no marco do procedemento de comunicación previsto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario, as declaracións ás que alude este artigo se entenderán realizadas cando as circunstancias ou alteracións a que se refiren consten na correspondente licenza ou

autorización municipal, suposto no que o suxeito pasivo quedará exento da obriga de declarar antes mencionada.

#### **ARTIGO 13º.—XESTIÓN TRIBUTARIA DO IMPOSTO**

1.—A xestión, liquidación, recadación e inspección do Imposto, levarase a cabo polo Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (ORAL) en virtude do acordo de delegación de competencias ou convenio conforme o preceptuado polos artigos 7, 8, 12 e 77 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario así como nas demais disposicións que resulten de aplicación.

2.—O imposto xestiónase a partir da información contida no Padrón Catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados ao efecto pola Dirección Xeral do Catastro.

Neste caso, á vista da información remitida, a Dirección Xeral do Catastro confirmará ou modificará o titular catastral mediante acordo que comunicará ao concello ou entidade local para que se practique, se é o caso, liquidación definitiva.

#### **ARTIGO 14º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En todo o relativo á cualificación de infraccións e sancións tributarias, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolven.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza consta de 14 artigos e unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra comezará a rexer con efectos dende o 1 de xaneiro de 2008, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa derogación ou modificación. No caso de modificación parcial da mesma, os artigos non modificados continuarán vixentes.

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

#### **ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E RÉXIME**

1. No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, o artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e de acordo co previsto no artigo 59.2 e artigos 15 e seguintes do Real Decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Ponte Caldelas establece o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
2. Este imposto rexerá polo disposto nos artigos 92 a 99 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polas disposicións que a desenvolvan e polo que dispón esta Ordenanza.

#### **ARTIGO 2º. NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE**

1. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.
2. Considérase vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non cause baixa nestes. Aos efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.
3. Non están suxeitos a este imposto: